

# Creando empresas saudables



## Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

### Problema: Comunicación deficiente I

#### Causas:

1. A información atrasase entre os distintos medios que interveñen no acto comunicativo.
2. Falta de inserción da comunicación nos procesos de traballo, a información non chega na forma adecuada, e mesmo pérdese no proceso.

#### Consecuencias:

1. Xestiónanse e realízanse os traballos con présas
2. Sobrecargas de traballo para poder realizalo no tempo e prazo establecidos.
3. Realízanse tarefas repetidas mentres que outras quedan sen facer.
4. Atrasos nas entregas.

#### Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

1. Xestión adecuada das canles de comunicación. Asegurarse de que a comunicación é comprendida por quen a ten que transmitir.
2. Asegurar que a información chega en forma e prazo adecuados ao seu destino mediante reportes ou acuses de recibo.
3. Cambio na formulación comunicativa. As ideas teñen que ser claras e concisas. Deben entenderse adecuadamente e ser executables.